

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2013.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 20 de febreiro de 2013, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 21.12.2012.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 17.12.2012 AO 15.02.2013.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO A 31.12.2012.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2013.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

6º) MOCIÓNS.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 21.12.2012.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 21 de decembro de 2012.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 17.12.2012 AO 15.02.2013.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

17.12.12.- Aprobar a liquidación das taxas polos gastos de publicación de anuncios de licitación para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Brión polo importe total de 125,55 €.

17.12.12.- Convocatoria XGL a celebrar o 18 de decembro de 2012.

18.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 400 euros (axuda Cáritas Parroquial Bastavales).

18.12.12.- Contratación da obra de "ACOMETIDA ELÉCTRICA EN PERROS", á empresa ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L. por un importe de 3.391,03 €, ive incluído.

18.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa SAU).

19.12.12.- Aprobación da liquidación das taxas da XGL celebrada o 18.12.2012.

19.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.318,25 euros (cota outubro 2012 Mancomunidade Serra do Barbanza).

20.12.12.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida de lixo correspondentes aos anos 2011 e 2012 dun veciño.

20.12.12.- Aprobación da certificación da obra "Supresión de fosas sépticas e conexión destas á rede xeral de saneamento, no lugar de Romarís", por importe de: 40.400 euros, ive incluído.

20.12.12.- Aprobación da conta xustificativa da subvención do Fondo de Compensación Ambiental.

20.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 61.264,17 euros (facturas varias).

20.12.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña, por importe de 60,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de ioga.

20.12.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña, por importe de 80,00 euros, pagados en concepto de prezo público polo obradoiro de novas tecnoloxías.

20.12.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña, por importe de 40,00 euros, pagados en concepto de prezo público polo obradoiro de novas tecnoloxías.

20.12.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña, por importe de 40,00 euros, pagados en concepto de prezo público polo obradoiro de novas tecnoloxías.

20.12.12.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño, por importe de 80,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de baloncesto.

20.12.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña, por importe de 80,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de baloncesto.

20.12.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña, por importe de 25,00 euros, pagados en concepto de prezo público polo curso de manipulador de alimentos.

20.12.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña, por importe de 40,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de pandeireta.

20.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 3.046,98 euros (Gas Natural SUR).

20.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.214,75 euros (Gas Natural SUR).

20.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1090,19 euros (Unión Fenosa Comercial SL).

20.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 17.281,22 euros (Gas Natural SUR).

20.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 19.424,86 euros (Gas Natural SUR).

20.12.12.- Aprobación xustificación da subvención concedida á Asociación Banda de Música polo importe de 3.500 €

21.12.12.-Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación da modificación de créditos MC 15/2012.

21.12.12.-Nomeamento do funcionario José Antonio Bouzas Neo, como secretario accidental do Concello desde o 26 de decembro de 2012 ao 7 de xaneiro de 2013.

21.12.12.-Nomeamento do funcionario José Antonio Bouzas Neo, como interventor accidental do Concello durante o prazo do 26 ao 31 de decembro de 2012.

21.12.12.- Convocatoria extraordinaria urxente XGL a celebrar o 21 de decembro de 2012.

21.12.12.- Aprobación da liquidación das taxas da XGL celebrada o 21 de decembro de 2012.

21.12.12.- Autorización e disposición do gasto pola cantidade de 315,00 € (gastos para a actividade da Cabalgata de Reis).

21.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 4.320,00 euros (asistencias ás sesións dos concelleiros do 4º trimestre de 2012).

21.12.12.- Pago nómina a traballadores.

21.12.12.- Pago gastos extra mes de decembro a órganos de goberno e concelleiros.

21.12.12.- Pago das diferenzas na paga extra do mes de xuño a unha traballadora.

21.12.12.- Pago de gratificacións a un laboral.

21.12.12.- Pago de gratificacións a un funcionario.

21.12.12.- Pago de produtividade.

21.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 225 euros (custo formación dun funcionario).

21.12.12.- Abono da diferenza dos complementos específicos ao interventor/secretario accidental.

21.12.12.- Recoñecemento de trienios a dous laborais.

21.12.12.- Recoñecemento de trienios a dous funcionarios.

21.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 14.088,72 euros (Unión Fenosa Comercial SL).

21.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 9.374,06 euros (Unión Fenosa Comercial SL).

21.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 6.441,11 euros (facturas varias).

21.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 30.814,84 euros (Meular Servizos Asistenciais SL polo servizo de axuda a domicilio).

21.12.12.- Aprobación expediente MC 16/2012.

21.12.12.- Aprobación expediente MC 17/2012.

21.12.12.- Aprobación expediente MC 18/2012.

21.12.12.- Aprobación expediente MC 19/2012.

26.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 10.105,88 euros (facturas varias).

26.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 18.502,93 euros (Gas Natural SUR)..

26.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 60,80 euros (gastos locomoción de asistencia a curso dun funcionario).

26.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 44,65 euros (gastos locomoción de desprazamento área piragüismo dun traballador).

26.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 32,45 euros (gastos locomoción, peaxe e estacionamento dun traballador).

26.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 44,82 euros (gastos locomoción, peaxe a un traballador por asistencia a xuízo).

26.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 52,67 euros (gastos locomoción dun traballador para asistir a un curso).

26.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 154,47 euros (gastos locomoción dun traballador por desprazamentos nas competicións da escola deportiva 1º semestre).

26.12.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña, por importe de 150,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade extraescolar de obradoiro de inglés.

26.12.12.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño, por importe de 44,80 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de música.

26.12.12.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da viaxe cultural a Torremolinos.

26.12.12.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da visita cultural dos alumnos/as do Centro Social Polivalente ao Museo do Pobo Galego.

26.12.12.- Aprobación da conta xustificativa dos gastos ocasionados con motivo da adquisición de material para a escola infantil municipal.

26.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento da obriga derivada da amortización anticipada por importe de 45.563,23 € (préstamo BBVA).

26.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento da obriga derivada da amortización anticipada por importe de 4.378,21 € (préstamo BBVA).

26.12.12.- Aprobación expediente MC 20/2012.

26.12.12.- Aprobación expediente MC 21/2012.

26.12.12.- Aprobación expediente MC 22/2012.

27.12.12.- Aprobación do expediente de modificación de saldos iniciais de obrigas recoñecidas e dereitos recoñecidos de orzamentos pechados por omisións ou erros contables.

27.12.12.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 6,01 euros, pagados en concepto de taxa por ocupación da vía pública.

27.12.12.- Reintegro de 10,41 € a un traballador por pago anticipado a favor de Dixitalcor 2011, S.L. (plastificación de carteis para publicidade de normas no Centro Social Polivalente).

27.12.12.- Reintegro de 7,18 € a un concelleiro por pago anticipado a favor de Correos. (envío correo postal).

27.12.12.- Reintegro de 20 € a unha concelleira por pago anticipado a favor de Evahogar SC. (adquisición de sobres para o empaketado de regalos para a "Festa dos Maiores 2012).

27.12.12.- Reintegro de 37,50 € a unha traballadora por pago anticipado a favor de Haomai Hipermarket (adquisición de artigos necesarios para a recepción dos participantes na "Festa dos Maiores 2012).

27.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 187,34 euros (gastos locomoción dun traballador por desprazamentos nas competicións da escola deportiva 2º semestre).

27.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 23,85 euros (gastos locomoción e estacionamento dun traballador).

27.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 109,82 euros (indemnización por visitas domiciliarias de axuda a domicilio).

27.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 370,14 euros (indemnización por acompañamento de menores, citacións xudiciais e visitas ás familias).

27.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 216,26 euros (gastos de locomoción e estacionamento dunha traballadora).

27.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 448,32 euros (gastos de locomoción, estacionamento, peaxe e dietas dun traballador).

27.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 55,04 euros (gastos de locomoción e peaxe dun traballador).

27.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 79,56 euros (indemnización membro tribunal selección do GRUMIR).

27.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36.610,29 euros (facturas varias).

27.12.12.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da celebración do Encontro coa Arte.

27.12.12.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da excursión á Ribeira Sacra.

28.12.12.- Aprobación da certificación única da obra Proxecto de Mantemento de estradas no Concello de Brión polo importe total de 77.487,32 euros.

28.12.12.- Aprobar a certificación única da obra Proxecto de Mantemento de beirarrúas no Concello de Brión polo importe total de 34.658,04 euros.

28.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 44.577,98 euros (cota pendente de 2012 da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza).

28.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 309,92 euros (indemnizacións membros Comité Expertos contrato axuda no fogar).

28.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 60,80 euros (indemnizacións a unha voluntaria pola realización de apoio nas actividades extraescolares nos meses de xaneiro a decembro de 2012).

28.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 212,04 euros (gastos de locomoción dunha traballadora).

28.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 272,84 euros (indemnización por desprazamentos para programación e control de actividades de mocidade e voluntariado e para o servizo de orientación laboral).

28.12.12.- Contratación do subministro de "ALUGER DUN SERVIDOR PARA INFOBRION", á empresa El Muelle Servicios Hosting SL, por un importe de 3.993,00 €, ive incluído.

28.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1619,99 euros (Telefónica e Centyc Europa SL).

28.12.12.- Contratación da obra de "ACOMETIDA ELÉCTRICA EN REBOREDO", á empresa ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L. por un importe de 1.095,07 €, ive incluído.

28.12.12.- Contratación da obra de "ACOMETIDA ELÉCTRICA EN NINÁNS", á empresa ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L. por un importe de 6.519,26 €, ive incluído.

28.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.742,79 euros (Gas Natural SUR).

28.12.12.- Aprobación da xustificación da subvención concedida á Asociación de Mulleres Xuntanza polo importe total de 1.200,00 euros.

28.12.12.- Aprobación da xustificación da subvención concedida ao CEIP de Pedrouzos polo importe total de 3.000,00 euros.

28.12.12.- Autorización para celebrar o día 7 e 8 de xaneiro de 2013 os festexos de San Xulián no lugar de A Igrexa-Bastavales.

28.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 3.300 euros (funcionamento grupo municipal PP ano 2012).

28.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 3.150 euros (funcionamento grupo municipal PSOE 2º semestre 2012).

28.12.12.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da exposición de carteis relacionados coa Romaría de Santa Minia.

28.12.12.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da adquisición de alfombras antideslizantes para a Escola Infantil Municipal.

30.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 459,50 euros (Ikea SA e Inside Logistics SL).

30.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 145,20 euros (Centyc Europa SL).

31.12.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio mes de decembro de 2012.

31.12.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes mes de decembro 2012.

31.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 6.736,76 euros (GAS NATURAL SUR).

31.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 28.370,19 euros (facturas varias).

31.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 100 euros (CP Agro Novo).

31.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 7,98 euros (gastos locomoción dun traballador).

31.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 57.302,49 euros (facturas varias).

31.12.12.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 3.012,44 euros (facturas varias).

31.12.12.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da celebración da Cabalgata de Reis.

31.12.12.- Prórroga dos créditos iniciais dos gastos previstos no orzamento para o ano 2012.

02.01.13.- Altas e baixas no Programa de Axudas ao Transporte presentadas entre os días 1 de outubro a 31 de decembro de 2012.

02.01.13.- Nomeamento do funcionario José Antonio Bouzas Neo, como interventor accidental do Concello durante o 2 e 3 de xaneiro.

03.01.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 393,60 euros (Telefónica Móviles).

07.01.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 47,17 euros (CP Agronovo).

07.01.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 47,17 euros (CP Agronovo).

09.01.13.- Baixas de oficio no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello por inscricións indebidas.

09.01.13.- Altas no Padrón de Habitantes mes decembro 2012.

09.01.13.- Baixas de persoas que figuran no Padrón de Habitantes do mes de decembro.

09.01.13.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato do Servizo de Viaxe para a Terceira Idade do Concello de Brión 2013 con destino preferentemente a Illas Canarias ou Baleares.

09.01.13.- Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico.

09.01.13.- Resolución sancionadora de multas de tráfico.

10.01.13.- Adxudicación á empresa BMR VENDING SL, o contrato de Instalación de máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending no pavillón e campo de fútbol.

10.01.13.- Comunicando ao voceiro do PP do día e hora para examinar uns expedientes.

10.01.13.- Autorización da prórroga da comisión de servizos polo prazo dun ano a un funcionario.

10.01.13.- Autorización para celebrar o 3 febreiro de 2013 os festexos de San Brais, na parroquia dos Ánxeles.

11.01.13.- Finalización do expediente de reposición da legalidade urbanística das actuacións realizadas de implantación de peche vexetal na aldea da Gándara.

11.01.13.- Incoación de expediente de reposición da legalidade en relación coa instalación de invernadoiros sitas no lugar de Reboredo Pequeno e Cirro, parroquia de San Salvador.

11.01.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 6,00 euros (adquisición 3 tarxetas metropolitanas, axuda de emerxencia).

11.01.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 15,00 euros (adquisición 3 tarxetas metropolitanas, axuda de emerxencia).

14.01.13.- Aprobación do expediente e prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de Viaxe para a Terceira Idade.

15.01.13.- Imposición a un veciño unha 4ª multa coercitiva de 1.000 € por incumprimento da orde de demolición das obras realizadas na aldea da Gándara.

15.01.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xaneiro de 2013.

16.01.13.- Corrección do prazo de presentación de proposicións, establecido no prego de condicións administrativas da Viaxe da Terceira Idade.

17.01.13.- Delegación do exercicio das funcións da Alcaldía no Tenente de Alcalde D. José Pedro Cambón Fernández, desde o 21 ao 25 de xaneiro.

17.01.13.- Ordenación do ingreso das cantidades retidas a un traballador por importe de 600 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela.

17.01.13.- Concesión a un traballador dun anticipo reintegrable por importe de 500,00 euros.

17.01.13.- Concesión a un traballador dun anticipo reintegrable por importe de 500,00 euros.

17.01.13.- Denegación da devolución da fianza de 1500 € a unha veciña xa que as obras non se atopan rematadas.

17.01.13.- Incorporación dunha veciña ao servizo de xantar na casa.

18.01.13.- Concesión axuda emerxencia social por importe 50 € (tarxeta metropolitana)

18.01.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 40,00 euros (recarga tarxetas metropolitanas).

18.01.13.- Ordenar a unha veciña que axuste as obras realizadas en Romarís ás condicións sinaladas na licenza concedida pola Xunta de Goberno Local.

18.01.13.- Desestimación do escrito presentado por unha veciña relativo á baixa da taxa por saneamento e depuración da vivenda sita no lugar de Soutullos.

18.01.13.- Desestimación do escrito presentado por un veciño relativo á baixa da taxa por saneamento e depuración da vivenda sita no lugar de Sabaxáns.

18.01.13.- Desestimación do escrito presentado por unha veciña relativo á baixa da taxa por saneamento e depuración da vivenda sita no lugar de San Salvador.

18.01.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 58,08 euros (Auna Telecomunicaciones SA).

21.01.13.- Elevar a definitivos os acordos de aprobación do orzamento xeral, xunto coas súas bases e o cadro de persoal.

21.01.13.- Solicitud a Deputación da Coruña dunha subvención para realizar as obras de reparación do interior do pavillón polideportivo de Pedrouzos.

21.01.13.- Solicitud a Deputación da Coruña dunha subvención para realizar as obras de reparación da envolvente exterior da gardería municipal.

21.01.13.- Solicitud a Deputación da Coruña dunha subvención para realizar as obras acondicionamento da beirarrúa emprazada dentro dun ámbito dotacional deportivo que da acceso ás pistas deportivas, pavillón, e piscinas municipais.

21.01.13.- Solicitud a Deputación da Coruña dunha subvención para realizar as obras de mellora e adaptación do acceso de entrada á sala de exposicións.

21.01.13.- Concesión axuda emerxencia social a unha veciña (3 vales da Campaña Brión Solidario).

22.01.13.- Devolución do aval para responder do suministro dun vehículo contraincendios e salvamento á empresa Albert Ziegler España S.L., por importe de 5.317,50 euros.

24.01.13.- Adxudicación do servizo de "XIMNASIA EN PISCINA PARA PERSOAS MAIORES", durante o ano 2013 á empresa AQUAFIT GESTIÓN SL, polo importe máximo de 5.378,40 €, iva incluído.

28.01.13.- Aprobación inicial das taxas de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2012.

28.01.13.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas e técnicas do contrato de servizos "Escolas Culturais 2013".

28.01.13.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas e técnicas do contrato de servizos "Escolas Deportivas 2013".

28.01.13.- Aprobación das bases do concurso de disfraces Entroido Brión 2013.

28.01.13.- Segundo requirimento de limpeza de fincas a uns veciños de Cantelar.

28.01.13.- Aprobación da permuta do ben inmovible: terreos do viario sito na aldea de Nináns.

28.01.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 1.270,58 euros (Telefónica España).

28.01.13.- Expediente MC 01/2013.

29.01.13.- Aprobación da corrección dos proxectos das dúas obras do POS 2013.

29.01.13.- Segundo requirimento de limpeza de fincas a uns veciños de Gronzo.

29.01.13.- Segundo requirimento de limpeza de fincas a uns veciños de Av/ de Noia.

29.01.13.- Segundo requirimento de limpeza de fincas a uns veciños de Gronzo.

29.01.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 16.043,19 euros (facturas varias).

30.01.13.- Contratación do servizo de "Aluguer dun grupo electrógeno para as festas que se celebren no concello durante o ano 2013", á empresa GRUPO BACOGA GALICIA SL, por un prezo unitario de 296,45 €/día, ive incluído.

31.01.13.- Pago de nóminas.

31.01.13.- Desestimación do recurso de reposición presentado por un veciño de Romarís polo que solicita a revisión de concesión de licenza de construción dun peche.

31.01.13.- Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

31.01.13.- Baixa dun veciño no servizo de xantar na casa.

31.01.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 145,20 euros (Centyc Europa SL).

01.02.13.- Altas no padrón de habitantes mes de xaneiro 2013.

01.02.13.- Baixas no padrón de habitantes mes de xaneiro 2013.

01.02.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 239 euros (La Voz de Galicia).

04.02.13.- Recoñecemento dun trienio a un funcionario.

04.02.13.- Autorizar o gasto polo importe de 2.670 € dos gastos derivados dos billetes de avión de nenos e nenas saharauis para Programa de 2013.

04.02.13.- Convocatoria XGL a celebrar o 5 de febreiro de 2013.

05.02.13.- Declarar definitivamente aprobado o acordo de desafectación aprobado inicialmente polo pleno o 21.12.2012.

05.02.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de febreiro de 2013.

05.02.13.- Estimar a reclamación dun veciño relativo obxecto tributario no padrón do lixo das súas vivendas.

06.02.13.- Incoación de expediente para a enaxenación por venda directa dunha finca no lugar de Estrar.

06.02.13.- Aprobación liquidación taxas XGL celebrada o 5 de febreiro.

07.02.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación do regulamento dos procedementos de intervención administrativa nas actividades e servizos suxeitos a comunicación previa, declaración responsable e licenza de apertura.

07.02.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión.

07.02.13.- Iniciar expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón de Habitantes.

07.02.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 16.698,94 euros (facturas varias).

08.02.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xaneiro de 2013.

08.02.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de xaneiro 2013.

08.02.13.- Adxudicar o servizo de "ALBERGUE PARA A VIAXE DA MOCIDADE MALLORCA 2013" durante os días 21 e 27 de xullo de 2013, ao ALBERGUE DE LA VICTORIA polo importe máximo de 6.762,00 €, ive incluído.

11.02.13.- Inicio de expediente de rectificación do inventario dos bens a data 31 de decembro de 2012.

11.02.13.- Solicitar á Deputación unha subvención de 3.000'00 € para o "Mantemento de proxecto de Envellecemento activo do Concello de Brión durante 2013.

11.02.13.- Solicitar á Deputación unha subvención de 6.000'00 € para a realización das "Actividades de conciliación e responsabilidade compartida durante 2013.

11.02.13.- Solicitar á Deputación unha subvención de 45.000'00 € para o "Mantemento da Escola Infantil Municipal de Brión durante o ano 2013.

12.02.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 94,34 euros (CP Agro Novo).

12.02.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 100 euros (CP Agro Novo).

12.02.13.- Concesión dunha axuda de emerxencia municipal a unha veciña por un importe máximo de 150 €

13.02.13.- Adxudicar á empresa BARBATANA SL, a execución do contrato de servizos de: ESCOLAS CULTURAS 2013.

13.02.13.- Adxudicar á empresa BARBATANA S.L., a execución do contrato de servizos de: ESCOLAS DEPORTIVAS 2013.

13.02.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total 407,80 euros (Telefónica Móviles España).

14.02.13.- Adxudicación á empresa Viajes Halcón S.A, do contrato de servizos de: Viaxe para a Terceira Idade 2013 "Illas Canarias ou Baleares", por un importe de 445 €/persoa, Ive incluído.

14.02.13.- Solicitar á Deputación unha subvención de 16.400 € para "Actividades culturais 2013.

14.02.13.- Solicitar á Deputación unha subvención de 8.519,52 € para "REALIZACIÓN DUN BUSTO EN BRONCE DO AUTOR HOMENAXEADO NAS LETRAS GALEGAS 2013.

14.02.13.- Solicitar á Deputación unha subvención de 27.936,36 € para "ESCOLAS DEPORTIVAS 2013.

14.02.13.- Solicitar á Deputación unha subvención de 3,633.03 € para "OBRAS DE REPARACIÓN DOS VESTIARIOS DAS INSTALACIÓNS DE PIRAGÜÍSMO EN ONS.

14.02.13.- Solicitar á Deputación unha subvención de 10.000 € para "ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA MAGARIÑOS".

14.02.13.- Solicitar á Deputación unha subvención de 21.215,75 € para o "Ampliación da rede xeral de saneamento e auga potable para dar servizo a vivendas no lugar de Quintáns, parroquia de Brión.

15.02.13.- Convocatoria de Comisións Informativas e Pleno.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO A 31.12.2012.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13.02.2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 19.02.2013, que transcrita di:

En cumprimento do disposto no artigo 86 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e realizados os traballos de rectificacións oportunas no inventario de bens e dereitos desta entidade.

Emitido informe por Secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período comprendido entre o 31 de decembro de 2011 e o 31 de decembro de 2012, nos seguintes termos:

ALTAS

1. INMOBLES

12231209.- Esta rede de servizos de saneamento foi financiada parcialmente pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao abeiro da Orde do 4 de maio de 2012: Liña Competitiva do Fondo de Compensación Ambiental 2012, para a execución da obra: Supresión de fosas sépticas e conexión destas á rede xeral de saneamento no lugar de Romarís, Bastavales. A obra foi adxudicada a Espina e Delfín SL, por Resolución da Alcaldía do 22/10/2012, por importe de 40.400 € e foron recibidas o 19/12/2012.

As obras consistiron en:

- Eliminación das fosas sépticas existentes.
- Instalación dunha estación de bombeo, un colector de impulsión de 110 mm de diámetro e 3 pozos de rexistro.

VALOR..... 40.400,00 €

1510005.- Adecuación dos servizos municipais existentes na pista descrita no epígrafe, afectados polas obras de "Modificación na AC-300. Ramal de acceso á autovía Santiago de Compostela-Brión". As obras consistiron na adecuación das redes de abastecemento e saneamento (ampliación da rede xeral, retranqueo de sumidoiros,...) e da rede de iluminación (retirada de puntos existentes e colocación doutros novos, traslado de puntos de iluminación existentes,...). Estas obras foron adxudicadas á empresa Francisco Gómez y Cia por Resolución da Alcaldía do 31/05/2011, por importe de 49.699,36 € e foron recibidas o 13/01/2012.

VALOR..... 49.699,36 €

12231606.- Esta rede de servizos de saneamento foi financiada pola Consellería do Medio Rural e do Mar, con cargo ao "Programa estratéxico de Infraestruturas do Medio Rural (PEIM/2010)". A obra consistiu na conexión do saneamento de Nináns, desde un pozo de rexistro existente ata a fosa de Vilar, utilizando 250 m. de tubo de PVC e 6 pozos de rexistro. A obra foi executada pola empresa Hermanos Couto Fandiño SL, contratada pola Xunta de Galicia, por importe de 27.140,00 €. As obras foron recibidas polo Concello o 02/04/2012.

VALOR..... 27.140,00 €

1224002.- No edificio descrito neste epígrafe, destinado a pavillón polideportivo municipal, leváronse a cabo obras de substitución de 14 pranchas de policarbonato traslúcidas situadas na cuberta do pavillón. Foron substituídas pola empresa Tradeal SL, polo importe de 6.134,24 €

VALOR..... 6.134,24 €

1223001.- No edificio descrito neste epígrafe, destinado a Escola de Música Municipal, fixéronse diversas reparacións, consistentes na reforma da distribución da planta baixa.

VALOR..... 1.155,63 €

1221007.- No garaxe do edificio destinado a Casa do Concello, realizouse unha obra consistente na colocación de paneis de aluminio para facer unha estancia destinada a almacén de alimentos. A obra foi realizada pola empresa Tradeal SL.

VALOR..... 2.383,70 €

7. MOBLES

BIBLIOTECA MUNICIPAL

1 mostrador de madeira: 1000,00 €

2 estanterías metálicas baixas: 981,20 €

VALOR..... 1.981,20 €

RESUME DO INVENTARIO DO ANO 2012

Altas no ano 2012	128.894,13 €
Baixas no ano 2012	0,00 €
Inventario a 31.12.2011	34.204.253,33 €
Inventario a 31.12.2012	34.333.147,46 €

2º) Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2013.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15.02.2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 19.02.2013, que transcrita di:

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola presentación de facturas por importe de 60.138,39 euros ,e que constan no departamento de Intervención (xúntase a relación no anexo), correspondentes a exercicios anteriores, e que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían polas seguintes causas:

1º. No caso de Gas Natural SUR S.D.G, S.A. e Unión Fenosa Comercial S.L. as facturas presentadas se corresponden con subministrados facturados en decembro de 2012; no caso da Deputación provincial a liquidación se corresponde a un gasto de decembro de 2012; e no caso do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar a liquidación se corresponde con gastos correspondentes ao 4º trimestre de 2012. En todos os casos as facturas ou liquidacións se corresponden con gastos de 2012 e facturados ou liquidados en 2012 pero presentadas no

registro do Concello en 2013, cando o exercicio 2012 xa está pechado e polo tanto os gastos non se poden imputar a el.

2º. No caso da liquidación da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, a comunicación da regularización das cotas dos anos 2009, 2010 e 2011 fíxose con data 27 de decembro de 2012, polo que non existiu tempo material para tramitar un expediente de recoñecemento extraxudicial no exercicio 2012.

3º. No caso das facturas de Limpiezas Salgado e da Sociedade Xeral de Autores, estas preséntanse no registro municipal en 2012, pero se corresponden con gastos de exercicios anteriores nos que a súa efectiva prestación debía ser confirmada polos respectivos departamentos.

En vista do anterior, esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no anexo xunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 15 de febreiro de 2013, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o houberan sido naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que en este caso concreto é posible a súa realización.

A vista do mesmo, en aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo 1º do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, que establece que poden aplicarse aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do mencionado Real Decreto 500/1990, artigo que recolle a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos, o que establece textualmente que "corresponde ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria", esta Alcaldía no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente, previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar e disponer os gastos, e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de SESENTA MIL CENTO TRINTA E OITO EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (60.138,39 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas.

GAS NATURAL S.U.R SDG, S.A.				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
13/12/2012	01121210838708	SUBMINISTRO ELECTRICO RUA PEDRIÑAS Nº 2	920.221.00	6,43
23/12/2012	01121212163596	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SOIGREXA, ALPUBL	165.221.00	14,30
19/12/2012	01121211522286	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MOURENTANS, MEDICO	920.221.00	16,42
20/12/2012	01121211567575	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES	920.221.00	231,85
23/12/2012	01121212221097	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORUXIDO, ALPUBL	165.221.00	80,99
23/12/2012	01121212221093	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/POUSADA, ALPUBL	165.221.00	169,59
03/12/2012	01121112922244	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VIOXO DE ARRIBA, ALPUBL	165.221.00	172,64
02/12/2012	01121112886032	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BRANS DE ARRIBA, ALPUBL	165.221.00	132,08
03/12/2012	01121112911977	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUISANDE, ALPUBL	165.221.00	168,54

06/12/2012	01121210229746	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/POUSADA, ALPUBL	165.221.00	1,56
02/12/2012	01121112862339	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ARDIONS, ALPUBL	165.221.00	57,31
09/12/2012	01121210495644	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A GRAÑA CC	920.221.00	71,56
03/12/2012	01121112911974	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CHAVE DE CARBALLO, ALPUBL	165.221.00	120,93
03/12/2012	01121112961632	SUBMINISTRO ELECTRICO BRION DE ARRIBA, ALPUBL	165.221.00	138,70
23/12/2012	01121212199732	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SAN SALVADOR, ALPUBL	165.221.00	53,12
02/12/2012	01121112893204	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ADOUFE, ALPUBL	165.221.00	66,36
03/12/2012	01121112911975	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ONS DE ABAIXO, ALPUBL	165.221.00	95,34
23/12/2012	01121212136383	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CIRRO, ALPUBL	165.221.00	113,34
03/12/2012	01121112951917	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VIOXO DE ABAIXO, ALPUBL	165.221.00	19,16
12/12/2012	01121210658705	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OS ANXELES 006	920.221.00	246,12
23/12/2012	01121212221098	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O OUTEIRO, ALPUBL	165.221.00	57,91
01/12/2012	01121112821453	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FORXAN, ALPUBL	165.221.00	97,48
23/12/2012	01121212204946	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OMBRE, BOMBEO	161.221.00	125,56
03/12/2012	01121112971268	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/NINANS, ALPUBL	165.221.00	133,42
19/12/2012	01121211387152	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES 42	920.221.00	2,77
23/12/2012	01121212136389	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SAIME, ALPUBL	165.221.00	58,53
03/12/2012	01121112976467	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BRANS DE ARRIBA, BOMBEO	161.221.00	41,41
13/12/2012	01121210853637	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OS ANXELES, SEMAFORO	920.221.00	1.186,29
09/12/2012	01121210604230	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA	920.221.00	55,64
03/12/2012	01121113951603	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SOIGREXA, ALPUBL	165.221.00	92,92
23/12/2012	01121212136618	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O RIAL, ALPUBL	165.221.00	49,34
23/12/2012	01121212115063	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VIDALOISO, ALPUBL	165.221.00	70,91
23/12/2012	01121212254065	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CRISTIMIL, ALPUBL	165.221.00	12,90
23/12/2012	01121212199729	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/POUSADA, ALPUBL	165.221.00	21,28
02/12/2012	01121112877132	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ROMARIS, ALPUBL	165.221.00	45,31
03/12/2012	01121112951601	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUNDIN, ALPUBL	165.221.00	203,74
09/12/2012	01121210546027	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES 3DU, OBRA	920.221.00	125,72
24/12/2012	01121212284209	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ROMARIS, ALPUBL	165.221.00	212,39
23/12/2012	01121212242299	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BALIÑO, ALPUBL	165.221.00	53,86
03/12/2012	01121112918521	SUBMINISTRO ELECTRICO BRANS DE ABAIXO, BOMBEO	161.221.00	59,09
03/12/2012	01121112971270	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA, ALPUBL	165.221.00	299,42
02/12/2012	01121112900770	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/LAMIÑO, ALPUBL	165.221.00	88,97

23/12/2012	01121212199733	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GRONZO, ALPUBL	165.221.00	18,39
03/12/2012	01121112921821	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GONTADE, ALPUBL	165.221.00	39,36
03/12/2012	01121112971267	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ESTRAR, ALPUBL	165.221.00	98,47
13/12/2012	01121210836818	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SANIN, BOMBEO	161.221.00	221,68
23/12/2012	01121212200105	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GANDARA, BOMBEO	161.221.00	223,93
23/12/2012	01121212199990	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/QUINTANS, ALPUBL	165.221.00	53,95
23/12/2012	01121212115065	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TRASOUTEIRO, ALPUBL	165.221.00	58,78
03/12/2012	01121112911966	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ALFONSIN, ALPUBL	165.221.00	75,19
23/12/2012	01121212242298	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA, ALPUBL	165.221.00	167,13
23/12/2012	01121212199735	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SANIN, ALPUBL	165.221.00	45,48
23/12/2012	01121212199734	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A TORRE, ALPUBL	165.221.00	51,24
02/12/2012	01121112898856	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BRANS DE ABAIXO, ALPUBL	165.221.00	63,50
23/12/2012	01121212136387	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SABAXANS, ALPUB02	165.221.00	123,48
02/12/2012	01121112863872	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CANTELAR, ALPUBL	165.221.00	71,08
03/12/2012	01121112968815	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TEMBRA, ALPUBL	165.221.00	101,76
03/12/2012	01121112961749	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUNDIN, BOMBEO	161.221.00	49,42
12/12/2012	01121210812770	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ESPARIS, ALPUBL	165.221.00	189,13
23/12/2012	01121212157353	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CASALDOEIRO, ALPUBL	165.221.00	138,09
02/12/2012	01121112874745	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/LAMIÑO, ALPUBL	165.221.00	183,89
23/12/2012	01121212263595	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MOURENTANS, ALPUBL	165.221.00	504,21
31/12/2012	01121212491358	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CHAVE DE CARBALLO, BOMBEO	161.221.00	2.484,98
02/12/2012	01121112894390	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CANTELAR, BOMBEO	161.221.00	17,40
23/12/2012	01121212157354	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BOAVENTURA, ALPUBL	165.221.00	32,00
13/12/2012	01121210823091	SUBMINISTRO ELECTRICO AVDA. SANTA MINIA Nº 70	920.221.00	40,18
23/12/2012	01121212136386	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BASTAVALIÑOS, ALPUBL	165.221.00	77,98
23/12/2012	01121212136382	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O OUTEIRO, ALPUBL	165.221.00	61,92
03/12/2012	01121112912393	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUNDIN, BOMBEO	161.221.00	12,75
23/12/2012	01121212271666	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A TELLEIRA, ALPUBL	165.221.00	27,87
13/12/2012	01121210912587	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SABAXANS, ESCOLA	321.221.00	177,69
26/12/2012	01121212291039	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CHAVE DE CARBALLO, BOMBEO	161.221.00	467,56
23/12/2012	01121212157351	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILAR, ALPUBL	165.221.00	235,62
23/12/2012	01121212242296	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FORXAN, ALPUBL	165.221.00	105,08
15/12/2012	01121211146692	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GUITIANDE, ALPUBL	165.221.00	173,81

23/12/2012	01121212183839	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FORXAN, BOMBEO	161.221.00	204,08
03/12/2012	01121112971266	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SALAO PEQUENO, ALPUBL	165.221.00	253,85
28/12/2012	01121212446619	SUBMINISTRO ELECTRICO RUA PEDRIÑAS 5, GARDA CIVIL	920.221.00	172,46
02/12/2012	01121112892713	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GOSENDE, ALPUBL	165.221.00	30,02
23/12/2012	01121212221100	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/AGUIAR,ALPUBL	165.221.00	65,74
15/12/2012	01121211060166	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ONS, ALPUBL	165.221.00	10,01
03/12/2012	01121112922131	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O TREMO, ALPUBL	165.221.00	33,63
13/12/2012	01121210822438	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/RUBIAL, ALPUBL	165.221.00	108,49
23/12/2012	01121212199730	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILAS, ALPUBL	165.221.00	123,01
02/12/2012	01121112852442	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VIOXO DE ARRIBA, ALPUBL	165.221.00	146,59
20/12/2012	01121211554478	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ALQUEIDON, COLEXIO	321.221.00	2,92
15/12/2012	01121211104785	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MOLDES, ALPUBL	165.221.00	18,21
19/12/2012	01121211401632	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA, ESCOLA LUAÑA	321.221.00	128,32
23/12/2012	01121212157352	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BEMIL, ALPUBL	165.221.00	185,61
02/12/2012	01121112871001	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ALQUEIDON, ALPUBL	165.221.00	82,27
03/12/2012	01121112961349	SUBMINISTRO ELECTRICO PASEO PEDROUZOS	340.221.00	470,97
03/12/2012	01121112971269	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VEXO, ALPUBL	165.221.00	134,44
01/12/2012	01121112789017	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/POUSADA, ALPUBL	165.221.00	4,96
09/12/2012	01121210504706	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA	920.221.00	23,67
13/12/2012	01121210931966	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GRONZO, ALPUBL	165.221.00	172,08
13/12/2012	01121210916075	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TEMBRA, ESCOLA	920.221.00	6,77
13/12/2012	01121210822434	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O CASAL, ALPUBL	165.221.00	21,78
23/12/2012	01121212157350	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CAXUSA, ALPUBL	165.221.00	45,17
23/12/2012	01121212248557	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SAIME, ALPUBL	165.221.00	21,38
20/12/2012	01121211628724	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OS ANXELES	340.221.00	15,59
23/12/2012	01121212136385	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BABENZO, ALPUBL	165.221.00	100,22
23/12/2012	01121212263597	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GOIANS, ALPUBL	165.221.00	107,45
13/12/2012	01121210853526	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OS ANXELES, ALPUBL	165.221.00	765,65
03/12/2012	01121112961346	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O OUTEIRO, ALPUBL	165.221.00	73,13
13/12/2012	01121210853287	SUBMINISTRO ELECTRICO URB. AGRO NOVO Nº 92 BI, BJH	920.221.00	3,58
03/12/2012	01121112911972	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA, ALPUBL	165.221.00	18,74
23/12/2012	01121212221095	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA, ALPUBL	165.221.00	50,83
03/12/2012	01121112961342	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CABO, ALPUBL	165.221.00	83,26

21/12/2012	01121211767477	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TEMBRA, ALPUBL01	165.221.00	123,48
03/12/2012	01121112949256	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/LAMIÑO, ALPUBL	165.221.00	14,34
23/12/2012	01121212221094	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/PIÑEIRO, ALPUBL	165.221.00	183,62
23/12/2012	01121212221099	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/REBOREDO GRANDE, ALPUBL	165.221.00	17,21
02/12/2012	01121112891621	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/REBOREDO GRANDE, ALPUBL	165.221.00	23,91
03/12/2012	01121112941729	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILARIÑO, ALPUBL	165.221.00	65,85
03/12/2012	01121112902215	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CABANAS, ALPUBL	165.221.00	93,35
03/12/2012	01121112951602	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/AMAÑECIDA, ALPUBL	165.221.00	44,41
02/12/2012	01121112877794	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/FONTE PAREDES, ALPUBL	165.221.00	210,24
13/12/2012	01121210874111	SUBMINISTRO ELECTRICO URB. AGRO NOVO 92 B2, BIJ	920.221.00	8,19
23/12/2012	01121212115064	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O RIAL, ALPUBL	165.221.00	75,12
03/12/2012	01121112912262	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O ENXO, ALPUBL	165.221.00	110,45
02/12/2012	01121112856799	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A GRAÑA, ALPUBL	165.221.00	237,24
03/12/2012	01121112911976	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA CC	920.221.00	77,49
02/12/2012	01121112897819	SUBMINISTRO ELECTRICO LAMIÑO, BOMBEO	161.221.00	19,77
23/12/2012	01121212263598	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CRISTIMIL, ALPUBL	165.221.00	32,97
28/12/2012	01121212418436	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORUXIDO, ALPUBL	165.221.00	63,37
01/12/2012	01121112786581	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GRONZO, ALPUBL	165.221.00	18,05
09/12/2012	01121210474291	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/PEDREIRA, ALPUBL	165.221.00	30,50
23/12/2012	01121212199731	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/PERROS, ALPUBL	165.221.00	317,88
20/12/2012	01121211625927	SUBMINISTRO ELECTRICO RUA PEDRIÑAS, XULGADO	920.221.00	494,60
23/12/2012	01121212157609	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BOIMIL, ALPUBL	165.221.00	48,00
03/12/2012	01121112961348	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TOURIS, ALPUBL	165.221.00	77,59
03/12/2012	01121112911973	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VIOXO DE ABAIXO, ALPUBL	165.221.00	154,35
23/12/2012	01121212242295	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OMBRE, ALPUBL	165.221.00	160,52
06/12/2012	01121210271384	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CHAVE DE PONTE, ALPUBL01	165.221.00	230,37
12/12/2012	01121210821252	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/LIÑARES, ALPUBL	165.221.00	484,04
23/12/2012	01121212178711	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/XINZO, ALPUBL	165.221.00	136,26
18/12/2012	01121211287354	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MATO, ALPUBL	165.221.00	34,63
02/12/2012	01121112896980	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GONTADE, ALPUBL	165.221.00	44,95
02/12/2012	01121112858206	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TEMBRA, ALPUBL	165.221.00	182,38
20/12/2012	01121211740746	SUBMINISTRO ELECTRICO RUA BIORNEIRA 1, IZQ	321.221.00	619,74
03/12/2012	01121112961347	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORUXIDO, ALPUBL	165.221.00	104,48

02/12/2012	01121112861250	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILANOVA, ALPUBL	165.221.00	49,02
02/12/2012	01121112855934	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SOUTO, ALPUBL	165.221.00	85,05
03/12/2012	01121112942144	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GOSENDE, BOMBEO	161.221.00	19,95
23/12/2012	01121212115062	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/REBOREDO PEQUEÑO, ALPUBL	165.221.00	29,51
23/12/2012	01121212136384	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GANDARA, ALPUBL	165.221.00	53,86
09/12/2012	01121210474564	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA	920.221.00	16,31
23/12/2012	01121212268779	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/MOURENTANS, BOMBEO	161.221.00	175,37
23/12/2012	01121212263596	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA, ALPUBL	165.221.00	6,66
24/12/2012	01121212284343	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SABAXANS, BOMBEO	161.221.00	866,06
13/12/2012	01121210921066	SUBMINISTRO ELECTRICO URB. AGRO NOVO 92B2, BJI	920.221.00	9,87
03/12/2012	01121112901625	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SABAXANS, BOMBEO	161.221.00	1.338,42
02/12/2012	01121112875077	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CORNANDA, ALPUBL	165.221.00	75,18
25/05/2012	01110512268973	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/OMBRE, BOMBEO	161.221.00	39,52
13/12/2012	01121210938995	SUBMINISTRO ELECTRICO AVDA. SANTA MINIA Nº 42	920.221.00	-22,18
13/12/2012	01121210853632	SUBMINISTRO ELECTRICO SAN SALVADOR	920.221.00	-25,67
13/12/2012	01121210931967	SUBMINISTRO ELECTRICO SABAXANS 60LD	340.221.00	-21,70
			TOTAL	22.383,66

UNION FENOSA COMERCIAL, S.L.				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
02/12/2012	03121110410732	SUBMINISTRO ELECTRICO URB. MONTE BALADO, ALPUBL	165.221.00	315,92
02/12/2012	03121110410838	SUBMINISTRO ELECTRICO AVDA. SANTA MINIA Nº 70, ALPUBL	165.221.00	2.110,70
02/12/2012	03121110412455	SUBMINISTRO ELECTRICO PASEO DE PEDROUZOS, ALPUBL	165.221.00	549,99
02/12/2012	03121110414137	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/O TREMO, ALPUBL	165.221.00	1.450,69
23/12/2012	03121210265515	SUBMINISTRO ELECTRICO URB. MONTE DEVESA, ALPUBL	165.221.00	969,86
23/12/2012	03121210268547	SUBMINISTRO ELECTRICO RUA INXERIDO 48A, ALPUBL	165.221.00	415,01
23/12/2012	03121210268686	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SOUTULLOS 7, ALPUBL	165.221.00	745,19
23/12/2012	03121210273432	SUBMINISTRO ELECTRICO LG/SABAXANS, ALPUBL01	165.221.00	655,06
02/12/2012	03121110413538	SUBMINISTRO ELECTRICO AVDA. SANTA MINIA Nº 46, OBRA	230.221.00	717,78
02/12/2012	03121110418603	SUBMINISTRO ELECTRICO AVDA. SANTA MINIA Nº 79 CC LI	920.221.00	882,38
13/12/2012	03121210118928	SUBMINISTRO ELECTRICO CARBALLEIRA SANTA MINIA Nº 5	330.221.00	298,29
16/12/2012	03121210156502	SUBMINISTRO ELECTRICO CARBALLEIRA SANTA MINIA Nº 2	330.221.00	507,32

17/12/2012	03121210166706	SUBMINISTRO ELECTRICO PASEO DE PEDROUZOS Nº 7	134.221.00	2.459,56
02/12/2012	03121110416786	SUBMINISTRO ELECTRICO PASEO DE PEDROUZOS, COLEXIO	321.221.00	1.053,66
13/12/2012	03121210098802	SUBMINISTRO ELECTRICO AGRO NOVO 93CC, GARDERIA	321.221.00	1.201,77
15/12/2012	03121210142997	SUBMINISTRO ELECTRICO PASEO DE PEDROUZOS	321.221.00	508,09
			TOTAL	14.841,27

DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA				
DATA	Nº DE LIQ	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
26/12/2012	2012/16101	ANUNCIO BOP EXP. MOD. CREDITO MC 15/2012	920.226.03	128,50
			TOTAL	128,50

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR				
DATA	Nº DE LIQ	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
31/12/2012	746	APORT. ECON. MUNICIPAL SERVIZO XANTAR NA CASA, OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2012	231.450.00	881,60
			TOTAL	881,60

LIMPIEZAS SALGADO S.L.				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
31/03/2011	Z11/912	SERVIZO LIMPEZA BIBLIOTECA - ENCERADO SOLOS	332.227.00	1066,72
			TOTAL	1.066,72

SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
26/01/2011	3256627	DEREITOS AUTOR REPRESENTACION OBRAS	338.226.99	62,99
03/11/2010	98906861	DEREITOS AUTOR REPRESENTACION OBRAS	338.226.99	251,95
03/11/2010	98906840	DEREITOS AUTOR REPRESENTACION OBRAS	338.226.99	16,96
			TOTAL	331,90

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA				
DATA	Nº DE RESOLUC	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
14/12/2012	131	REGULARIZACIÓN COTAS DOS ANOS 2009,2010 e 2011	942.463.01	20.504,74
TOTAL				20.504,74
IMPORTE TOTAL RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 01/2013				60.138,39

2º) Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate:

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que aínda que os gastos responden a contratos menores e non teñen fiscalización previa, na medida do posible sería conveniente que se fixera, si se poidese facer.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 14.02.2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 19.02.2013, que transcrita di:

Ante circunstancias sobrevidas á aprobación do orzamento e debido á necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias partidas, dado que non existe no orzamento da Corporación crédito ou este é insuficiente, tales como:

- Certificación liquidación da obra “Construción de piscina cuberta municipal en Lamiño”

Conforme ás disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito orzamentario ou este sexa insuficiente no orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito respectivamente. Tal modificación de créditos deberá atenderse indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranse da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de créditos nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financiarán o citado expediente os procedentes da minoración do crédito necesario doutras partidas do orzamento que se estiman reducibles, e na súa virtude, previo estudio das necesidades, de carácter inaplazable, someto a consideración do Pleno do Concello a modificación que a continuación se especifica e a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 02/2013**, de créditos extraordinarios, financiado con cargo a anulacións ou baixas doutras partidas, por importe de **22.263,98 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (partidas non dotadas no orzamento)

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
2009038	342/62200	Certificación liquidación da obra de construción de piscina cuberta municipal	22.263,98 €

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 22.263,98 €

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes:

A) Con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de: 0 €

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento corrente: 0 €

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial doutras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de: **22.263,98 €**

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	151/12001	13.798,26	7.671,84	6.126,42	A plaza de aparelador municipal está vacante.
	151/12100	16.103,78	4.078,72	12.025,06	A plaza de aparelador municipal está vacante.
	151/12101	18.312,22	3.848,08	14.464,14	A plaza de aparelador municipal está vacante.
	151/16000	26.345,78	6.665,34	19.680,44	A plaza de aparelador municipal está vacante.
TOTAL			22.263,98		

D) Recursos procedentes de operacións de crédito: 0 €

2º) Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dita modificación do orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aprueba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

E dada conta igualmente do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do expediente de modificación de créditos MC 02/2013, do 15 de febreiro de 2013, que transcrito na súa conclusión di:

Se conclúe dos cálculos anteriores que a capacidade de financiamento é de 121.414,01 euros e, por tanto, a situación é de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95. Por outra banda o gasto computable despois da modificación orzamentaria 02/2013, ascende a 3.555.772,59 euros, polo que se estaría tamén cumprindo tanto coa regra de gasto como co límite de gasto non financeiro.

Polo tanto o expediente de modificación orzamentaria 02/2013 cumpre tanto co obxectivo de estabilidade orzamentaria como coa regra do gasto e co límite de gasto non financeiro.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos, tomando igualmente coñecemento do informe de Intervención.

6º) MOCIÓNS.

Apróbase por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia das seguintes mocións.

1º) MOCIÓN DO GRUPO DO PP SOBRE INUNDACIÓNS.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo presenta oralmente a seguinte moción.

A urxencia ven motivada pola necesidade de solucionar as inundacións que se están a producir, para evitar problemas a estes veciños, porque están as terras inundadas.

O Sr. Alcalde pregunta se está vostede a referirse ás preguntas que plantexou vostede para este Pleno. O Sr. Concelleiro sinala que si.

O Sr. Concelleiro sinala que existe un problema de inundacións en fincas preto da aldea de Goiáns e temos constancia de que o Concello sabe deste tema, pero que a día de hoxe as fincas están inundadas, porque tapouse a cuneta e vai a auga por alí, polo que propoño que ou

ben quitamos a area que botou o Concello na cuneta ou ben entubar a cuneta ou abrir unha cuneta no outro lado da estrada para evitar que as fincas se inunden.

O Sr. Alcalde sinala que a finca inundada é curiosamente a finca da avoa dunha candidata do PP e que o resto dos veciños están de acordo coas xestións que fixo o Concello, que o propietario da finca é de Mato e que todos os prexudicados están de acordo co feito polo Concello, remíttolle ao plano de concentración parcelaria onde ven debuxado todo perfectamente, e xa se lles dixo a vostedes por escrito, está como os veciños din que ten que estar e tal e como está no plano de concentración; que o Concello tapou a cuneta como estaba sempre para evitar que a auga destrozase a estrada, que todos os veciños da aldea de Goiáns queren que esté como está e como sempre estivo, e o prexudicado deberá acudir a Augas de Galicia no seu caso.

Engade que a nosa obriga é manter os camiños e a auga non pode saír por fóra; cando se fixo o saneamento eses señores deixaron aquilo libre, agora viu a auga e sae por fóra e destrozou o camiño de entrada á aldea de Goiáns, nós atémonos ao que temos aquí de concentración parcelaria, non o digo eu senón que o din todos os veciños, pero a parte diso poden non ter razón e o interesado poderá ir a Augas de Galicia para que lle modifiquen as augas, nós non o podemos facer, e que se o canal que vai ao río non está limpo é problema del, deberá ir a Augas de Galicia ou, no seu caso, a un xuíz, porque o Concello non vai dar a un para quitar a outros e os veciños nos din que está ben tapado onde se tapou.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Votos en contra: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO(1) (BNG).

Abstencións: 0.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que vota en contra porque é como di o Alcalde, que foi o que escoitei, que de sempre fora así.

Queda rexeitada a moción.

2) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) PARA CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS.

Dada conta polo Sr. Concelleiro Pena Espiña da moción, que transcrita di:

O BNG de Brión lamenta o estado no que se atopan os camiños e sendeiros do concello brionés. Durante este inverno incrementouse a tala dos bosques, e a maquinaria que se utiliza para tal fin ven de provocar auténticas desfeitas nos camiños. Como exemplo temos o emblemático monte de Rañalonga.

Rañalonga é coñecido polo seu valor arqueolóxico xa que son moitas as mámoas que nel están catalogadas, tamén é coñecido polas súas fermosas paisaxes, non é raro ver aos recolletores de setas por entre as súas carballeiras e piñeirais, tamén é importante o seu valor cinexético e como non a súa valía como circuito deportivo e turístico. Case nos atreveriamos a dicir que Rañalonga, xunto con Santa Minia, son os atractivos turísticos máis importantes do noso concello: senderismo, circuitos de bici de montaña, ruta do colesterol e como non os paseos a cabalo que atraen ao turismo de dentro e de fóra do estado español. Por iso botamos en falta unha normativa por parte do Concello que obrigue aos que desfán os camiños que os volvan a arranxar, que quiten as ramaxes e resolvan o problema das enormes fochancas que os fan totalmente intransitables, non ten porqué ser o Concello o que cargue con estas costas,

o diñeiro público está para outras cousas e máis nestes tempos que corren, pero si que ten que ser o encargado de velar polos intereses da maioría dos seus veciños e de poñer fin ao que consideramos un atropelo.

Polo exposto, propoñemos ao Concello en Pleno a toma en consideración da seguinte proposta:

1.- Que o Concello faga un especial seguimento dos desprazamentos da maquinaria pesada polos camiños públicos dos montes do Concello.

2.- Que se obrigue aos usuarios dos camiños públicos dos montes, en especial aos que utilizan máquinas pesadas nos montes da Rañalonga, a que manteñan os camiños en estado aceptable.

3.- No caso de que non se cumpran a anteditas condicións, comunicar ás autoridades competentes os destrozos e acumulación das ramaxes nos camiños para que actúen en consecuencia.

O Sr. Concelleiro sinala que por un erro informático presentou no rexistro unha moción que posteriormente rectificara. A rectificación consiste en introducir como primeiro apartado da mesma que o Concello tramitara unha ordenanza de protección dos camiños e no segundo punto eliminar o de Rañalonga e poñer montes.

O Sr. Alcalde sinala que temos menos competencias do que parece, a lei danos competencias nos camiños do Concello e vostede sabe que no monte de Galicia é moi difícil conceptuar os camiños; temos competencias sobre os que figuran no plan xeral; a policía local ten actuado nalgúns casos e envía a documentación á Medio Rural, certo que agora non está actuando, pero que a propia policía municipal ten as competencias, porque se a policía local vixía os madeireiros teñen a obriga de repoñer os camiños ao seu estado anterior á saca de madeira e se non son de titularidade pública non temos nada que facer; se facemos unha ordenanza terían que comunicalo, presentar fianza, etc, pero coñecendo aos madeireiros sei que aos tres días teríamos aquí aos veciños cos problemas; eu propoño que a policía local esté encima deles e vixie os montes, actuando coa correspondente denuncia e noutros casos enviar ao órgano competente.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que tiña que ser unha norma moi suave.

O Sr. Alcalde sinala que podemos facer un intento a ver como vai, agora ben os camiños que non teñen cuneta non teñen solución, se lle van dar avisos a todos os madeireiros e se estragan os camiños deberán pagar os gastos da reparación.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña acepta a proposta realizada pola Alcaldía.

Sometida a votación o Pleno por unanimidade acorda que a policía local vixie os camiños públicos dos montes do Concello, informando aos madeireiros do obriga que teñen de deixalos nas debidas condicións e no caso de incumprimento presenten as correspondentes denuncias para que se fagan cargo dos gastos que orixinen ao Concello pola reparación dos estragos.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que quere facer un rogo verbal: Que na Casa da Cultura, nos tres escalóns que hai, ver si se pode tomar algún tipo de medida para evitar riscos.

O Sr. Alcalde sinala que tomo nota.

1) Preguntas presentadas por escrito polo grupo municipal do PP:

1.1. Hai uns días, o noso grupo, pedía ao Concello información relativa a un tramo de saneamento realizado no lugar de A Torre, dado que foi tapado e provocou problemas a varios veciños.

Dito tramo de saneamento, comeza nun albergue ou caseta propiedade de D. Antonio Bello Couso, situada case enfronte da propiedade onde ten a súa vivenda. Desde alí, baixa pola estrada en dirección as vivendas de D. Ramón Regueiro Mato e D^a Carmen Blanco Fresco, e finalmente na altura do portalón da propiedade onde ten a vivenda o Sr. Blanco, o saneamento atravesará a súa finca, para enlazar na parte baixa desta finca, co saneamento municipal que por alí discorre.

1.- Fixo o Concello de Brión esa obra ?.

Responde o Sr. Alcalde si.

2.- Con cargo a que plan ou partida, se financiou esa obra ?.

Responde o Sr. Alcalde que con cargo ao plan de obras e servizos de 2009.

3.- En caso de facer o Concello a obra, foron os terreos privados postos a disposición para executar esa obra en concreto ou son de titularidade pública ?.

Responde o Sr. Alcalde que foron postos a disposición gratuíta e voluntariamente.

4.- En caso de ser o Concello quen realizou dito tramo de saneamento, tiña licenza ou informe do Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia ?.

Responde o Sr. Alcalde que non, nin nas Torres de Altamira nin ningún dos cento sete saneamentos que fixo o Concello, e que é un ben de interese cultural e non restos arqueolóxicos, a protección é de cen metros e se rozan os mesmos, pode vostede denunciar ao Concello e pode que se sancione ao Concello, pero supoño que a Xunta de Galicia cando arranxa esta estrada que pasa por diante pediu permiso a Patrimonio porque a Capela de Santa Minia e a Carballeira están a menos de cen metros, nós metemos un tubo soterrado, pero está no seu dereito a presentar denuncia.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que eu vin o expediente e eu non vin ningún plano deste tramo .

O Sr. Alcalde sinala que hai unha modificación feita e supoño que estará e o que non hai é ningunha autorización por escrito, hai unha posta a disposición de palabra, como se fai sempre; cando telefónica me di se poden poñer un poste lle digo que si e o poñen, o que non pode é quitalo o día seguinte.

O Sr. Concelleiro sinala que eu non vin ese modificado, sinalando o Sr. Alcalde que pode velo cando queira.

1.2. En relación a un problema aparecido en A Luaña, do cal tamén este grupo pedía información ao Concello, e relativo a aparición dun recheo de area (entre outras cuestións) na cuneta da estrada DP 1301 Gándara – A Amañecida cara a Comanda, ubicada preto da aldea de Ardións, o Sr. Alcalde respondía no seu escrito, que foi o Concello quen botou a area nese lugar da cuneta.

Pero nestes últimos días, a cuneta desde ese lugar onde se atopaba a area que alí puxo o Concello, ata preto da aldea de Goiáns, foi totalmente tapada, cando antes se atopaba descuberta e cumpría correctamente coas súas funcións de cauce das augas (antes, loxicamente, de que o Concello puxera a area no medio).

5.- Foi o Concello de Brión de novo, quen tapou ese tramo de cuneta ?.

Responde o Sr. Alcalde que este tema xa foi tratado con anterioridade neste Pleno.

2) Preguntas presentadas por escrito polo grupo municipal Mixto (BNG):

1.- No pasado mes de xaneiro, polo mediados do mes, entre o 14 e 17, a auga do subministro público chegou aos fogares con un sabor moi desagradable. Non era un sabor a un exceso de cloro senón un sabor a fecais ou puríns.

Durante varios días persiste este sabor e mesmo varios veciños me fixeron chegar as súas queixas. Eu mesmo comuniquéime na tarde do mércores 16 con Espina e Delfín que me confirmaron que si había problemas coa auga, pero non sabían cal era a causa.

Queremos saber:

a.- Se o Concello era sabedor deste problema e se a empresa o comunicou con prontitude?

b.- No caso afirmativo, cales foron as causas, e como se corrixiron?

c.- Se a empresa Espina e Delfín xunto co Concello ten elaborado un protocolo de actuación para estes casos?

Responde o Sr. Alcalde que o que me informou Espina & Delfín é que: o mércores 16.01.2013 durante unha inspección rutinaria do depósito de Boullón, observouse un forte cheiro na auga almacenada, polo que o operario de servizo comunica a incidencia ao xefe de servizo, procedendo este a activar o protocolo para este tipo de emerxencias.

De xeito inmediato córtase o subministro á rede de abastecemento, vaciáase o depósito e púrgase a rede de distribución. A continuación procédese á limpeza e desinfección do vaso con auga a presión hiperclorada. Ao mesmo tempo púrgase a auga procedente da captación que abastece o depósito, comprobando co paso do tempo como desaparece o cheiro inicial.

Logo de que a auga da captación se normaliza, procédese ao recheo do depósito con auga hiperclorada. Ao mesmo tempo mantéñense varios puntos de purga na rede de distribución con valores de cloro entre 0,8 e 1 mg/l. Recóllense mostras de auga en varios puntos da rede de distribución e mándanse ao laboratorio para as análises de autocontrol.

Toda esta situación ponse en coñecemento da Xefatura Territorial de Sanidade, á cal se lle remiten os boletíns analíticos extraordinarios de control microbiolóxico e axente desinfectante. Á vista dos parámetros analizados e os resultados obtidos as mostras cumpren cos criterios de potabilidade establecidos, polo que se restablece o abastecemento en toda a rede de distribución.

Descoñécese a orixe da contaminación do acuífero do que se abastece a captación de auga do abastecemento de Boullón, xa que as fortes avenidas de auga producidas nestas datas puideron provocar o arrastre do vertido desde puntos distantes da captación.

Engade o Sr. Alcalde que seguiu o protocolo que se segue neses casos e supoño que debeuse á choiva, fixemos purgas en todo o sistema ata que a auga saíu perfecta, que o problema existiu e solucionouse dándolle conta á sanidade, e remata sinalando que eu creo que debeu ser alguén que botou purín e pola choiva levouno ata a rede de auga e fixeron o protocolo que tiñan que cumprir.

2.- Nos teñen comentado que as tarxetas dos buses urbanos se deterioran moi frecuentemente. Parece ser que o que ocorre é que unha vez que se descargan xa non se poden volver a cargar nos caixeiros de Novagalicia Banco, isto pasa cando as tarxetas se aproximan aos dous anos. Entón hai que voltar a renovar a tarxeta e Novagalicia Banco nos cobra 2 ou 3 euros. Parece un asunto do que se chama agora "obsolescencia programada".

Queremos saber si o Goberno Municipal ten coñecemento deste problema e si ten recibido algunha outra queixa.

En calquera caso rogamos que se poña especial atención a este asunto e se faga chegar á institución que xestiona o servizo intermunicipal do transporte urbano.

Responde o Sr. Alcalde que tivemos unha queixa, pero que segundo a persoa que a recibiu debeuse máis a un mal uso que afectou á banda magnética que a outra cousa, pero non hai inconveniente en poñelo en coñecemento da Dirección Xeral para que miren o tema.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.